

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e David Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Os días 15 e 16 de outubro do 2017 produciuse un incendio forestal na parroquia de Chavaga, concello de Monforte. Moi pouco despois dos lumes, procedeuse a realizar traballos de corta e retirada da madeira sobre o terreo queimado, orixinando desperfectos, pois abríronse pistas que non respectaron os camiños existentes e, nin sequera, un muro perimetral que existe nunha das cotas do monte, no contorno de protección do castro.

Neste momento xa hai varias parcelas plantadas de eucaliptos no mesmo lugar dos lumes de outubro de 2017.

Na actualidade está en curso un proceso de incoación da declaración BIC para gran parte do territorio da denominada “Ribeira Sacra”, conxunto do que forma parte o Concello de Monforte. A parroquia de Chavaga non forma parte da área delimitada BIC, pero o expediente de incoación de BIC da Ribeira Sacra como paisaxe cultural prohibe as plantacións de eucaliptos, acacias e piñeiros nas ribeiras do Miño e do Sil, nas que se adoptará “un réxime de protección propio adaptado aos valores que conforman” o territorio.

O novo Plan Forestal de Galiza amplía en 25.000 o número de hectáreas de eucalipto das existentes actualmente e a Xunta non ofrece alternativas a esta madeira.



A Terra de Lemos é un dos vales máis fértiles da península Ibérica, pero non se potencia a recuperación de superficie produtiva agraria.

As plantacións de eucaliptos nesta zona contraveñen varias normativas, entre elas a Lei de Montes de Galiza, que no seu artigo 74.2 establece que os plans de ordenación de recursos se han de coordinar cos plans de prevención e defensa contra incendios forestais, ou o artigo 76, relativo aos plans de ordenación, ou a Orde do 19 de maio de 2014, pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, pola cal o eucalipto queda excluído do Distrito Forestal VIII – Terra de Lemos.

Por outra parte, a plantación de eucaliptos neste Distrito Forestal VIII contravén as letras a, b, c, d, f e k do punto 23 da Decisión Ministerial de Oslo sobre o mandato para a negociación dun Acordo xuridicamente vinculante sobre Bosques en Europa, asinado polo Estado español.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan as seguintes preguntas:

- Considera a Xunta que a plantación de eucaliptos na zona de Chavaga ardida en outubro de 2017 é congruente coa necesidade de prevención de incendios forestais?
- Que vai facer a Xunta para que se cumpra a Orde do 19 de maio de 2014, referente ás boas prácticas forestais?



- Se a Xunta considera que os eucaliptos non forman parte dos valores medioambientais do territorio da Ribeira Sacra, por que permite as plantacións en Chavaga?

- Considera a Xunta compatible a permisividade coas plantacións de eucaliptos na Ribeira Sacra e a súa incoación como BIC?

- Que vai facer a Xunta para erradicar o eucalipto do Distrito Forestal VIII, en congruencia coa Orde do 19 de maio de 2014?

- Cando vai a Xunta publicar un decreto que exclúa as plantacións de eucaliptos na Ribeira Sacra?

- Que vai facer a Xunta para a recuperación de superficie produtiva agraria nas comarcas da Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

David Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Paula Vázquez Verao na data 22/08/2018 12:29:30

David Rodríguez Estévez na data 22/08/2018 12:29:39